Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

SORTEO PADRÓN SEGURO

1.- Organizadora:

A concellería de Turismo do Concello de Padrón con domicilio na rúa Longa, número 27 con CIF P1506600D, organiza un sorteo denominado 'Padrón seguro'

2.- Desvinculación con respecto a Facebook. Facebook non patrocina, avala nin administra de modo algún esta promoción, nin está asociado a ela. A persoa usuaria desvincúlase totalmente de Facebook e é consciente de que está proporcionando a súa información ao concello de Padrón e non a Facebook. A información que proporcione empregarase para comunicarlle o premio.

3.- Mecánica do concurso. Para participar:

- Seguir a páxina de Padrón Turismo (https://www.facebook.com/padronturismo/)

- Nomear na mesma publicación á persoa a que agasallar cunha das máscaras.

- Compartir no teu muro esta publicación

4.- Duración. A data de comezo do sorteo será o 22 de setembro de 2020 para finalizar el 29 de setembro de 2020.

5.-Requisitos para participar. Poderán participar todas las persoas físicas maiores de 18 anos que sexan seguidores da páxina de Facebook cun perfil de usuario real en Facebook. Non poderán participar perfiles fraudulentos.

6.- Selección das persoas gañadoras, comunicación e entrega. Cada persoa gañadora será elixida de forma aleatoria entre todas as persoas a través dunha plataforma na rede. Publicarase a través da rede social Facebook o nome das persoas gañadoras que poderán recoller na oficina de turismo. No caso de que a persoa gañadora non poida achegarse ata a oficina de turismo, poderase enviar por correo postal.

7.- Premio. 6 máscaras 'Padrón Seguro', é dicir, un par de máscaras para cada persoa premiada.

8.-Protección de datos. Os datos subministrados polas persoas participantes serán tratados conforme a normativa aplicable, cuxa finalidade será simplemente poñerse en contacto coa persoa gañadora.

9.- Aceptación das bases. A simple participación no concurso implica a aceptación das presentes bases, polo que a manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte das mesmas implicará a exclusión da persoa participante e como consecuencia do mesmo, o concello quedará liberado do cumprimento da obriga contraída con dito participante.